

Ricardo Martínez-Conde

POLO MIÚDO

(O dicir minucioso)



Zadar eds.

Polo miúdo
(O dicir minucioso)



© Ricardo Martínez-Conde
<https://ricardomartinez-conde.es>

© Zadar ediciones

© Imaxe de portada: F.R.F.M.

Primeira edición, 2025.


Impreso por Liberis.

Depósito Legal: M-10989-2025

ISBN: 978-84-128570-6-1

Ricardo Martínez-Conde

Polo miúdo
(O dicir minucioso)



Zadar eds.

O pensamento non di
nin teu nin meu
Ceronetti

INTROITO

Longo tempo pasou desde que un día propúxenme coñecer –en clave de aforismos– algo desa ‘secreta tarefa ou xogo entre a realidade e a imaxinación’ tal como o filósofo definiu a realidade, a vida.

Agora volvín ao literario baúl dos recordos, e advertín algunhas diferenzas de percepción e matiz. Ai, a vida! Con decisión púxenme diante do espello literario e, logo dalgunhas seriedades e sorrisos, pareceume oportuno volver considerar aforísticamente a miña vida, dando como resultado o libro que tes diante, amigo e descoñecido lector.

O título novo foi bautizado como *Polo miúdo* (o atento lector entenderá) e leva en si a revisión-actualización dos títulos anteriores: *Debullar*, *Ecos da néboa* e *Continuidade do ceo*. Consulte ao Tempo, o gran responsable e, tal como esperaba, respondeu con humano silencio. Temíamo, pero non renuncio a expoñer o resultado á túa consideración, lector.

E sexa

Ricardo Martínez-Conde
Primavera de 2025

De Debullar

O ceo só chega a protexerme, todo o máis, do medo escénico
que el mesmo enxendra en min

*

Onde irá ese cego na mañanciña, cando é noite aínda?

*

O perdón non esconde tamén unha oculta vontade
de permanencia?

*

Se cheguei a algo na vida non me decatei. Mais, a onde
se chega?, a que, cando a única certeza é o que falta?

*

Cara onde empuxa o instinto en verdade?, a cruzar por onde
sexa?, a vadear por precaución?

*

Esas árbores o que precisan é palabra, compañía!

Séculos e séculos matinando, aceptandoo?, sobre o posible
beneficio da noite!

*

O mar anoa

*

A mirada sencilla saberá distingui-la beleza no entorno acre

*

O home, cada home, tamén ten o seu niño, lentamente
traballado e oculto

*

Agora, volvería a pensa-lo mesmo de min?

*

A palabra, é ben certo, tanto nos viste como nos deixa espidos

*

Cantas veces tivemos que pensar que extraviarámo-lo espello
para non ter que vérmonos diante dese xuíz, o silencio!

Como dicirche que me gustaría coñecer onde nace o vento?,
que agocha trala nube verdegala?

*

O falso inxenuo dubidou se debería facer constar os títulos
espirituais no seu *curriculum vitae*

*

Logo dunha elección polo miúdo, decidiu realiza-la viaxe
arredor de si mesmo

*

Todo é bo (e propio) para queimar na fogueira da melancolía

*

Sorprendérono de novo discutindo co seu corpo!

*

A aquel home, con todo, a gravidade víñalle da falla
de comunicación coas dúbidas

*

E quen, quen propicia a dúbida?

Para cando a proclamación da guerra como patrimonio da humanidade?

*

É difícil coñecer ás veces cando a sospeita vén de fóra ou vén de dentro. Aí é onde adquire presenza real o Outro, ese que tamén somos

*

E o corazón, como un neno, sempre a bulir. Perfecta imperfección do escritor!

*

A pesar da xenerosa advertencia, da vella prevención, o destino e o azar seducen tanto!

*

Quen ousaría, a estas alturas da historia do home, separar o ben do mal? Non é certo que son un, e xuntos constitúen iso que chamamos realidade?

*

Atopábase tan gravemente enfermo de si mesmo que necesitaba a cotío escoitadores, marcos sen espello

O silencio como a orixe da individualidade

*

A sospeita non desacouga porque cada quen teña unha resposta, senón porque teña una resposta moral. Iso é o grave

*

Que propiedades podería xustifica-lo home, ese grande desherdado!

*

Algunhas teimas, sobre todo as persoais, son tan difíciles de disolver!

*

Vivir sen as dúbidas: río sen auga

*

Escuras filosofías que só serven ó instinto!

*

Dicía que falaba cos seus antergos, pero en realidade so falaba co seu espello esfarelado

Tiveron que operalo a intelixencia aberta e non o superou

*

O hábito como herdo do instinto!

*

Nas persoas, como nas árbores, reparamos só accidentalmente.
Non así no seu froito: utilidade de utilidades

*

Vai máis aló dos atributos do ben o que poida esvaeacer o mal

*

O temor como argumento para unha ética?

*

O fío que engarza o noso tempo?: as palabras. As ditas, as
caladas

*

Unha débeda puede enriquecer, por exemplo a gratitude

Tempo anubrado este sen relixión que nos espere, só de
máquinas que nos xustifiquen

*

Aí tedes un home público: acaba de pronunciar unha palabra

*

O que seduce da arte?: o seu sorriso. A súa soidade

*

Quen podería presumir de que o calendario lle é favorable!

*

Os xornais anuncian unha nova forma, máis perfeccionada, de
medi-lo tempo. E que máis da

*

A Filosofía, ó igual que algunha medicina, pode provocar
efectos secundarios de distinta gravidade segundo a natureza
do usuario

*

A fráxil paz da intelixencia!

Superior: aquilo que é distinto porque que garda proporción
e harmonía

*

Vivir: esa música!

*

Velaí un home consumido pola cortesía

*

A ficción como razoamento?

*

O destino do tren non é agardar

*

A música: esa luz

*

Xestos da vella dama: representación gráfica da memoria
que fuxiu!

Porqué dicir que tódolos días son iguais!

*

Non pensaba para non asumir responsabilidades

*

Ser ou non ser; imposible ou posible?

*

Misóxino ou enfermo de natureza?

*

Como a folla á brisa: formas de observar, de matinar

*

Acada-la perfección a través do esquecemento?

*

Descubriu por si mesmo que no prezo das dúbidas non existen
as rebaixas

Ser actual como unha forma de ser efémero, e viceversa

*

Deámoslle á chuvia o que é da choiva e á relixión o que é da
relixión!

*

Procuraba escoller o mellor material para as súas palabras

*

O gato, como o home, non di o esencial

*

Non sempre é clara a auga que fai o río

*

Chegaron as máquinas sen nome e o home antigo houbo gardar
silencio

*

Muller: ás veces, un espello sen nome

Quería que lle deran aquí o que lle ía corresponder no Mais Aló

*

Existe unha moeda para adquiri-la convicción: a tristeza

*

A ilusión: a pretensión do esmoleiro!

*

Canto do Outro son eu?

*

O tempo descoñece a esencia do xogo: de aí o seu contido trágico

*

De que redime o lume, tal que una relixión?

*

O medo como virtude?

Sempre propoñía a mesma cuestión: a nosa capacidade de elección foinos dada para escoller entre os bens ou entre os males?

*

Gustaba vivir da necesidade da ironía, para comprender

*

O poder exerceo a seducción (e viceversa)

*

Que vontade de coñecer a verdade. Ignoran que a verdade só é divina?

*

Agora, coa chuva, vencerá o imaxinario

*

Invocar aos deuses mentres se garda a moeda para convence-lo agoreiro

*

O mecenado espiritual dos que sofren!

Os desexos erran tantas veces!

*

Era tan sensible á idea de cultura que, a cada libro rematado de ler, cambiaba de actitude

*

A máquina xa o fixo no seu día: chamounos de súpeto a estar só

*

A rede trae algo máis que peixe: trae unha certa sospeita de poder acadar un segredo. Como todo o que vén do fondo

*

O carro é consciente de ir repoñendo o camiño que alguén esgallou

*

Virá a riqueza das estacións e seguiremos a se-los mesmos

*

Nunca foi consciente de que a súa imaxinación modificaba sempre a súa figura. E así morreu: sorprendido

A traducción simultánea xa a inventara o vento do outono

*

Ninguén sospeitou que morreu sen acougo. (A unha flor, nestes tempos de violenta sensibilidade)

*

Amaba tanto que nunca chegou a ser quen

*

As árbores na néboa: os deuses falan baixo

*

Dicía que quería acada-lo ceo, pero non de primeiro

*

Todo o inverno para debuxa-lo mar, e tiña o caderno en branco

*

Agora xa dubida se chamou a memoria e non lle respondeu

Decisión igual a contradicción?

*

Pracer e vinganza van tan paradoxalmente unidos que ás veces
váisenos a man

*

O amor, como a auga, non sempre agarda

*

Seguía a pensar que cada festa era una convocatoria á soidade

*

Hai quen chama responsabilidade á moeda coa que pretenden
mercar. Outros á moeda coa que se venden

*

Quizais o apaxionante poder do corazón resida no segredo e na
exclusividade en que vive

*

Orgullo, esa bandeira de quen confía en van

A mesmidade adquirese, paradoxalmente, nas multitudes

✱

Todo camiño foi feito para o que anda só

✱

Escribía un diario para se educar a morrer

✱

O barco nunca puido levalo ao lugar «verdadeiramente»
desexado

✱

Unha das características do inimigo é a súa vecindade

✱

A choiva é o Outro

✱

Válgame Deus que ruín son! (Unha representación do
inaudito)

A certeza: cousas da soidade

*

Estamos, en verdade, seguros de se-los protagonistas dos nosos
soños?

*

A sombra non ten cor; ten tódalas cores

*

A gaita alonga o afiado son da gravidade de ser

*

Quen ousaría calcula-lo poder dunha paixón?

*

Só o mar é certo para todos!

*

Envexa de non ser unha árbore: harmonía, sinxeleza, nobre
convicción. Dignidade baixo da choiva milenaria

A esperanza vive tan lonxe!

*

A 'claridade' dos barcos, sempre en acougo

*

Luz da primavera no carballo: chegou o tempo dos sonhos
esvaecentes!

*

En vez de investir na Bolsa investía en amores

*

Do que suxire a chuvia: introspectivo acougo?

*

Non vía doado aceptar que a vida non pregunte e que conte con
un nos seus proxectos

*

O reconto de tódalas vicisitudes sería a necesidade de acurtar os
días

Unha primavera equivale a mil páxinas? Fuxamos do rigor de
contar, polo noso ben

*

A condición do que escribe: unha forma de amor

*

Eles constitúen a dúbida.

*

Escribir é a miña amizade, a miña nobre traxedia

*

A literatura límítase a expoñe-la necesaria humanización dos
días (toda unha aventura, polo demais)

*

O plaxio ratificaba a súa condición de innecesario

*

Cando ía ó psicólogo quería leva-la súa biblioteca, o seu signo
de identidade

Verán cultural. A sombra das árboles achéganos ó amor ós libros

*

De que relixión individual chegará este libro?, pensaba o lector

*

O vento do mar como un vello inquiridor da noite, a que sempre espera!

*

As campás, o seu lento son, espertan a nostalxia do viaxeiro:
cidade húmida

*

Onde estará ela? Por que dixo que si e por que non?

*

A existencia dos outros; a primeira verdade

*

O sensible lector de poesía adormeceu e cabeceaba con infantil
desharmonía

Non chorar. Ir, como o río

*

O mundo, a extensión incerta das cousas máis cotiás!

*

Sentíndose derrotados, desexan un Goberno co obxecto de encauzar o esvaecemento da realidade?

*

Sempre tivo a sensación de que esas mulleres que estaban ó seu lado crían coñecer mellor a realidade de todo. De todo

*

Démoslle ao ar o que é do ar: as nosas dúbidas, as nosas seguridades

*

Deixemos que o vento dispoña a mínima beleza!

*

Viaxaba para se asegurar un pouco de individualidade

Quen? Quen ha responder a tantas preguntas vivas?

*

Ao amor como á guerra: dispostos a vencer, a matar se fose necesario

*

A escritura, delatora da transparencia ou non do vínculo da memoria coa norte!

*

O valor: que falso argumento para xustificar o instinto de pelexa!

*

Quen concede a virtude?; quen a necesidade?

*

Muller –dicía para si–, respecta os dons da debilidade que che ofrezco

*

Habrá homes que estean feitos de espellos deformados?,
cavilou

Eles considéranme seu: alá eles!

*

Do predomínio da tardiña só sei polo silencio que me chega.
Corrida a bambolina, a certeza das cousas virá do paso do
tempo

*

Escribir e, lentamente, limpar, corrixir ata quedar cunhas follas
temporais. O demais á memoria, ó esquecemento

*

«A rareza de canto acontece ó meu redor é a realidade para min
de canto acontece». Vive, así, nunha dobre realidade: exterior e
interior

*

Terei perdido a memoria de min mesmo, ou do que quixen
para min, por causa de todo aquilo onde os outros non deben
parecer nin xuíces nin culpables, só diferentes?

*

A mesma comprensión que se espera da chuvia é importante
outorgarlle ás palabras

Velaí a música: harmonía da consciencia da vida, da realidade da morte

*

A paisaxe, mudo conciliador de corazón e intelixencia!

*

Terei perdido na loita unha parte de min mesmo? A desigualdade das batallas honra a memoria do soldado

*

O amor, ben se sabe, vai dende a fondura da tristeza á superficie da concesión (e volta a empezar)

*

Sería bon, pensaba, tentar coñecer a porcentaxe anímica da palabra, a súa calidade, a relevancia da súa necesidade (e compañía)

*

O meu libro de cabeceira é aquel que me fala a modíño, ao que vou coñecendo pouco e pouco (e un día poderei falar con el)

Escribe como quen se alimenta a pesar de todo, a pesar de todos

*

A paloma só xira arredor de si, do seu mundo doméstico. A
gaivota é alta e libre

*

A extensión do poema?: só a extensión da sorpresa (nunca
consumida de todo)

*

Os outros, algúns, buscan en min –pensaba– a súa xorda
acusación violentando o que sexa, carentes de si mesmos

*

O poema como exemplo de pulcritude, non en van ocupa tanto,
tanto tempo

*

Cando le, cada liña leva unha parte de si que lle entrega con
inxenuidade e confianza

Dádeme a noite para a calidade das dúbidas

*

Os instrumentos para a escritura son agora a miña familia máis próxima

*

Viñera de lonxe: por iso chegou a ser o posuidor

*

A dúbida como a primeira certeza

*

Escribía para demostra-la súa gratitude á soidade

*

Un libro para esta tardiña?; ou ó revés?

*

Teñamos a punto a liberdade, pode ser necesaria en calquera momento

Unha casa onde gardar o non falado aínda, o amor que nos resta. Unha casa onde se poida vivir o máis estricto de un mesmo, o máis sincero e certo

✱

Se-lo amo (incluso de si mesmo) implica tantas escravitudes propias!

✱

Expoñerse: esa é a identidade

✱

Lonxe do traballo cotián xontaba coa noite, que me paga a soidade con xeneroso alonxamento

✱

Unha vida de dor ha ser unha vida útil, dende logo

✱

A amizade (tal vez o consentimento?) desa muller, iso si é necesidade

Enfrontarse?: cando?, a quen?, como?

*

E que só a enfermidade ha ser quen de asegura-lo que é sincero?

*

Pensar que contamos con tantas follas en branco onde cabe,
alomenos, una frase elocuente e fermosa!

*

Os outros son o seu obxectivo, a súa inqueda. Eles son os
que máis contribúen ao seu autocoñecemento

*

A muller solitaria, a flor de pedra?

*

Escribir: leva-la memoria ata o río

*

Necesitaba elaborar antíteses e teses: non lle servía o establecido
polos outros máis que como suxerencia

Era consciente de que confeccionaba a súa propia indecisión: pretendía una idea da xustiza que coidaba deberían respectar e defender tamén os demais

✱

É a beleza do ignorado o que esperta a proveitosa curiosidade, o atractivo inevitable cara á muller

✱

A petición dun mendigo esteta: «É que a beleza nunca ten fame?»

✱

«Nunca poderei alonxarme do mar –dicía–, nel viven a maioría dos signos da miña vida»

✱

«O xogo, o xogo e a dúbida me apadriñan» –disertou o filósofo

✱

Díxose cunha determinación non exenta de curiosidade, de ironía: «Cada noite é movemento; cada noite unha fecundidade distinta. E o centro é esta pequena luz»

A neve só favorecía –e profundizaba– o seu vínculo coa xigante pregunta do tempo

*

Quizais sexa certo que a moral, que forma realidade como a forman as cousas, non exista sen embargo; só existe, pola súa referencia humana, como un valimento da nostalxia, da transgresión, do baleiro

*

A densidade da natureza do tempo impide, ás veces, deshabitá-las sombras que permitirían ver a crúa beleza tal como vemos, nididamente, a exquisita tristeza das gaivotas no outono

*

O frío e a harmonía; a claridade e o timbre das palabras novas!

*

Os restos da noite (e de min) chegan xuntos, unha vez máis, ata o silencioso tribunal da luz

*

A obra máis perfecta é probablemente a obra inacabada, a obra sen pretensión de selo

Hai unha substanta inexcusable para a arte, e ela é o tempo

*

Así, como a mañá de inverno preto do mar, invicta e limpa; así desexaría...

*

O libro constrúe a realidade humana sen interferir por iso na propia realidade, e ambas realidades conforman o finxido herdo histórico do que somos debedores

*

Carecía da virtude da saudade

*

Non lle importaba tanto a forma da pluma, mais é verdade que a súa forma axuda, outorga utilidade. Velaí a certeza espiritual da materia, das cousas

*

O seu parecer sería que a palabra tivese natureza de humor

*

Se un está só e chama ao silencio, o silencio non sempre responde

Tan firme como o seu silencio será a súa sospeita

*

Hai quen mira para autoxulgarse, quen mira para elixir un
inimigo necesario, quen mira pola beleza e pola seriedade de
seguir mirando...

*

Para quen serán as palabras escritas? Ti, lector anónimo, ti
saberás

De Ecos da néboa

A dor non está no descoñecemento mútuo. A dor está no
coñecemento deliberado, repetido, de que é así

*

Acaso perdoar non é, tamén, un van egoísmo?

*

Non, non; non hai ningunha certeza nas sospeitas. (Ou si?)

*

Non é soidade, senón a choiva que, esvaecente, a perpetúa

*

A claridade do Outono forma parte da identidade da natureza:
a cualidade pasaxeira da auga; a luz da árbore, case espida; o
equilibrio que expresa o val ondeado pola herba... O Outono
resalta así o coñecemento, a espera

*

Dicía: de qué me serve amar?, non é abondo o desexo de amar

Qué soidade tan grande a dese barco frío, esgallado, varado na
area, a expensas dunhas ondas (o tempo) coas que non pode
loitar!

*

Non hai mérito sin sombra

*

As cifras, sobre todo as do mal, sempre serán revisables á alza

*

A virtude puidera estar no acto mesmo de pensar; non no que
se pensa

*

Haberá que reivindicar a ignorancia como modo de aclarar
algunha das graves dúbidas?

*

Case todo home desexou algún día ser significativo tendo como
fondo o escenario da chuvia. Outros desexaron, sen máis, ser
chuvia

Hai unha orixe, que xustifica; un transcurso, que vivifica; un destino, que modifica, e unha dúbida que, no bico dos pés, volve á orixe

*

A primicia de existir!

*

Verán como solicitude de esquecemento: a saber por qué

*

Unha pena só conta cunha parte de realidade

*

Amar non só para coñecer; tamén para ignorar

*

Hai obxectos que cumpren un cometido que, en principio, podería pensarse está reservado para as persoas: o de suscitar emoción (os barcos, por exemplo)

*

O mínimo que se lle pode pedir ao día é relixiosidade: iso é o mínimo

Cada viaxe, en efecto, conmemora algo dentro de nós. De aí a
súa sedución, a súa relación secreta

*

Viaxar: aprender a sentir

*

A gran música das estacións!

*

Unha vida chea?: confórmome con que sexa unha vida

*

Os veleiros –a idea dos veleiros– protexía o seu silencio!

*

Non se afastaba nunca da noite; era a súa única garantía

*

Se digo Primavera, chuvia ou mar, falo de algo material, mais
refírome a min, a unha forma de ser e de pensar

«Vou e veño. Quediñamente son, gracias a non ser feliz»

*

A casa propia, o lugar onde vive o aduaneiro das dúbidas!

*

Unha tarde a soas puidera ser unha vida a soas

*

O sexo –dicía– constitúe un dos vencellamentos da sumisión,
mentres que o pecado éo dunha hipotética liberdade

*

Parece como se o amor tivese algo de excesivamente patético
para o home actual! Será que somos menos libres cada vez, en
contra das aparencias?

*

Escribir con palabra espida: o aseo diario

*

Seríamos capaces de tantas esperanzas!, sobre todo cando
temos esperado sós

Pernoctar: satisfacer ao corazón á beira do coñecemento

✱

Que distinto o esforzo do merecedor ao do triunfador!

✱

Un tempo, tamén, para educar o hábito nas certidumes: a inactividade

✱

Do plato da vida, ao fin, aprovéitase ben pouco; folerpas de poesía

✱

Ese delicado descanso do horizonte!: a eternidade

✱

A cada palabra cábelles a honra de ter construído unha parte da realidade. O home, a través delas, non fai senón rexeitar, especular

✱

Amar, se acaso, a idea do Amor. A única construción fiable

Movíao tanto a curiosidade de vivir, a precariedade do vivir!

*

Precisión, frugalidade expresiva para que quede espazo
ó horizonte (para que haxa un curruncho onde gardar a
debilidade e a vergoña)

*

Un pensamento é un xesto de vontade, de coñecemento. É unha
confirmación, identificadora, da incertidume

*

Ai, a prontitude do éxito, as escuridades do éxito!

*

A relación humana: unha viaxe a pé nu polas pedras

*

Perdoar? Se acaso que me perdoen

*

Sinxeleza é definición

Un home que escoita e pensa é un home que se ha referir,
necesariamente, ao mar. Mais non hai solución

*

O día está feito de sol, de cousas que se tocan coa man, de
palabras. Iso axuda a entender, a ordenar, a sentir. Constitúen
así, tamén, a compañía, a paisaxe

*

A luz. A primeira comunicación

*

Un pobo está constituído polas súas palabras

*

Polo menos ter o alimento dunha vontade distinguida que nos
axude a relativizar!

*

Un libro para coñecer. Un libro para se coñecer

*

O frío. O inverno. Un libro: sempre o destino a man

O lector ignorado: esa é a compañía

*

En qué lugar poñería os meus intereses? Unha cuestión de pudor

*

Teréi que referirme un día con amor á miña pluma:
non fixo ela tanto como eu? Non son as súas palabras as miñas?

*

Poderán ser amigos aqueles que non falan de sí mesmos?

*

O colectivo embrutece mesmo os matices da súa identidade

*

O mirar: o recurso do perdedor?

*

Él tamén tiña o seu reino: o do silencio

O poeta: aquel que subliña na tarefa do narrador

*

«Co remate da luz, as afiadas preguntas», pensaba no entardecer

*

A perfección: a medida do imposible!

*

O Amor!; e logo que queda?

*

E un ben ou un mal o Outro? Xogo do xogo: iso é todo

*

A música sempre procede de lonxe!

*

O Ceo como fundamento. O Inferno como argumento. O
home, só

Mantiña aínda as súas dúbidas respecto do mar: «escoita ou fala?», preguntábase

✱

Sorriso como sinónimo de nihilismo

✱

O corazón, ese actor histriónico

✱

O infinito como a certeza dos inxenuos!

✱

A lúa chea non fai senon confundir respecto da verdadeira claridade, que é a noite

✱

Será necesario –pensaba– gardar algo de fe, por se é o caso?

✱

O que durme posúe o Soño. (Privilexios da inconsciencia)

✱

Porqué esa pretensión de tocar o final?

*

O orgullo como esa prenda vella, pasada de moda, a pesar do cal non nos resignamos a prescindir dela

*

E qué ha ser daquel que acrecenta a proposito as dúbidas?

*

O poder é unha arma de fío moi cortante. Aquel que a posúe, enxendra o risco de resultar ferido gravemente

*

O escritor pretendía mellorar a soas a caligrafía dos seus sentimentos

*

Díxolle á mente: foxe da perfección

*

O voo da chuvia é o meu desacougo na procura dun ceo!

Negábase a matar sequera a un segundo

*

E o médico receitaba sempre o mesmo: cultura (O primeiro,
dicía, é coñecer as sombras)

*

A quen escoitar cando é de noite?

*

Din que pedíu asilo á noite

*

Amade o pecado (a súa didáctica)

*

Cara ó seu final, só quería a compañía do tempo (sempre discreto)

*

As Institucións naceron para que esteamos protexidos do seu
efecto nocivo

O fin do mundo, por fortuna, está sempre un pouco máis aló

*

Para se fortalecer tomaba todas as mañáns un chingo de pesimismo

*

Querería un barquiño no Ceo: pretensión espiritual-metafísica, navegación de altura

*

A metástasis da melancolía!

*

O xuíz que rexeitaba agremente o espello!

*

O pracer como mitoloxía; é un deus?

*

Un novo (e suxerente) principio da termodinámica: toda acción do home se volverá contra o seu executor

A definición como xustiza?, como unha tentativa de beleza?

*

Intenso mimetismo o da noite!

*

Acerca da beleza só cabe finxir, respostou a dama, solemnemente

*

A comprensión do Outro é sempre unha virtualidade, unha forma de realidade aparente?

*

A beleza como a demostración de que o tempo existe!

*

Mais aló está o mais acó. Todo é o mesmo

*

A muller é quen fai os nós no meu único fío –pensaba sen sorpresa

O Outro non é o meu espello, só é o seu portador (ou o seu propietario?)

*

O principio é a Noite

*

O principio é a Memoria

*

O futuro sempre foi promíscuo

*

A comida como un paseo inesperado polos lindes dos sentimentos

*

Digamos que o neno advirte ao pai, e o pai ao seu pai, e así en todo tempo

*

A auga non nos falou do pouso ó seu paso!

Cántos actos (cántos xestos, cántos comportamentos) levan no seu seo a identidade do amor, sen se advertir dese risco!

*

É preciso o poder?, matínaba ás veces

*

Amor e tempo teñen a mesma realidade: a da consumición

*

Nunca formulou promesa ningunha á mañá, mais tampouco ningunha ameaza. Quizáis ese sexa o segredo

*

Sostiña que a Arte encerra a súa capacidade de seducción no feito de dotar de medida, de sentido do tempo, a esa sensación que chamamos beleza

*

Mirar é convocar á memoria

*

Altivo e solitario. Para ver mellor, quizáis, sobre as dúbidas?

O perdón como a arma dos pobres

*

Aténdonos a aquilo visto e experimentado, cabe deducir que o home (e a muller), como especie animal, carecen tamén do sentido da lentitude

*

A plenitude social esixe ignorancia exclusiva

*

A Historia actúa impunemente sobre a nosa razón, mais iso non supón tanto valentía como desprezo pola hipotética condena que puidese sobrevirle por tal feito

*

O sacrificio como motivo de tenrura para os parvos?

*

Ai!, as leccións de sabedoría da árbore: elegancia, vontade, proveito, harmonía

*

Fundou boa parte da súa sabedoría en vivir a galbana como un don

Escoitade, escoitade o discurso das follas no Outono!

*

A néboa como unha das representacións máis intelixente da realidade!

*

Vivía o triunfo da heterodoxia como un amencer

*

Un dos depredadores da memoria?: o tremor

*

A tendencia foi, dende sempre, cara á defensa do principio da razón. Ata tal punto que agora xa todo parece razón; un mundo reseco –dixo sen nos mirar

*

Ás veces, como en soños, parece como que o home e a auga sexan eternos

*

Para si quixesen moitas verdades a firmeza das sospeitas!

E que lugar axeitado podería habilitarlle ao sentimento?, pensa o escéptico.

Dubida.

«Non existe», respóndese

*

En efecto: no fondo, sempre se é proclive en favor daquilo que nos merece desconfianza

*

Toda intimidade será sempre a imperfección dunha actitude racional

*

Sempre regresaba a casa, e aí remataba para el a estratexia da liberdade. Agora viña a intriga

*

Humor como unha das acepcións da soidade

*

O reloxo cumpre coa súa función: abalar ó silencio

Advertidas as diferencias, vede aí o autorretrato

*

Ese can deitado ao sol e aos seus aloumiños tamén me suxire o destino –pensou o heterodoxo

*

Velaí o segredo da harmonía: non preguntar. Como a árbore, como o veleiro

*

É lóxico envexar á muller: ela sabe tamén vivir así, como sobre da punta dos pés

*

Por que preguntar? Para que?
E o espello facíase as mesmas preguntas

*

Pericia é, hoxe en día, entender máis do aparente

*

O certo é que cada dúbida supón un paso máis cara ó final

O mellor lugar?, o hábito, o costume

*

Certo é aquilo do que non se está seguro a plenitude.
A plenitude, que nos é allea, sería a Verdade

*

As palabras poéticas son como paxariños no ar; fermosas, en
apariencia inestables

*

Procesar: enrevesar a orden establecida

*

A paisaxe, en ocasións, é a portadora do espello da memoria, alí
onde se pensa o que en realidade tivésemos querido ser

*

A tristeza como unha inversión a longo prazo

*

A música perfecciona a natureza!

O Outro é aquel que nunca serei eu, a pesar do parecido

*

Os argumentos da Poesía nunca serán capaces de soste unha ideoloxía, de aí a súa vixencia

*

Pensar non sempre se rexe por un principio de economía, principio este que, por si mesmo, puidese serlle educador no que ten de frugal, de submisión ó necesario, desprezando o excesivo

*

Posibilismo como o determinismo do solitario

*

A literatura comete ás veces, entre outros, un inxenuo erro: traballa (pensa) a natureza humana como se fose plastilina. De aí que as súas creacións sexan efémeras e imperfectas

*

Antes da lectura, todo en min era breve. Despois da lectura, a miña condición de brevidade gañou en consistencia

A exclusividade como a medida do ignorante

*

A Filosofía é o texto mais harmonioso que teña podido
confeccionar a dúbida

*

Unha das virtudes da beleza é a súa carencia de dono, tendo en
conta o seu confirmado don da ubicuidade

*

O ollo dispón o escenario. O silencio a trama. O resto é personaxe

*

A verdade é un inquilino que normalmente non está na casa

*

A percepción da realidade é, polo común, a manifestación
dunha debilidade que pronto disimulamos baixo o abrigo
dunha filosofía

*

Vou espido, dicía, do vicio de ser o posuidor da virtude

A ausencia dela: iso é a beleza

*

O desexo confirma non tanto un costume como un desafío

*

Cándo nos convenceremos de que o vento e a súa mensaxe e a súa persistencia non teñen culpa?

*

Virxen é o que aínda non adquiriu ser (como se fose Mitoloxía)

*

O vago é aquel que xa coñece a resposta, sexa esta da vaguedade que sexa

*

O hipotético é, polo común, o prólogo do inevitable

*

Busquemos ao responsable auténtico: aquel sentimento que propicia o amor, máis importante que o amor mesmo, que non representa xa senón o descenso á prosa máis ubícu

No principio foi a Sorpresa, tal como agora

*

A esperanza corrompe, pensou

*

Cada día equivale a unha doblez

*

O móbil é sempre o desexo

*

O segredo espido das relixións!

*

Esa constancia de querer ser!

*

Cando unha parte da natureza evoca ou suxire no observador
unha idea trascendente é que unha das variantes da soidade
gañou un acólito

A premisa do animal racional?: o triunfo. (Unha provocación en favor da derrota)

*

Pronunciade a palabra amor e todos se sentirán vixiados

*

O camiño, tantas veces, non fai senón confirmar a sospeita

*

Mulleres da noite é unha expresión que posúe unha xenética fermosura

*

O clima, como a memoria, está feito de vicisitudes

*

Ás veces, no título (sexo persoa ou cousa) xa se advirte o primeiro fraude

*

Sexo material e sexo espiritual?

Ante a súa carencia de recursos foi condenado a vivir

*

Crise?, e que dicir da Filosofía?

*

Escoitachedes xa a opinión da auga?, dixo, sen se inmutar

*

O mesmo mar; distinto eu. Ou ao revés?

*

Cando se pensa estase tan lonxe dun mesmo!

*

A traxedia como o sorriso dos desherdados!

*

Si a outra vida supón vivir de costas ao de agora, iso non será
vivir. Será, quizáis, melancolía

O máis insoportable da máquina é a implícita culpabilidade
que, nun momento dado, é capaz de botar sobre nós

*

A beleza semella un soño diurno?

*

A compañía, ás veces, é quen nos proporciona a máis elaborada
soidade

*

Ó sol adóraselle porque nos minimiza

*

O temor supón, en moitos casos, una boa parte da reflexión

*

En que medida nos atopamos, consciente ou
inconscientemente, inmersos na natureza?
En que medida a natureza está inmersa en nós ata constituir
unha valoración superior á nosa vontade consciente?

Familia é a parte do individuo mais difícil de avaliar
economicamente, expuxo o economista

*

A necesidade é a virtude do paciente; o veneno do frívolo

*

Case nunca amence á hora en que o dicta o sentimento!

*

Pensade en mín, se queredes, como no aire. (Un epitafio)

*

Non semella, tantas veces, o irreal o verdadeiramente real?

*

O namorado, ese navegante solitario que ignora a meteoroloxía!

*

Un escritor que escribe co espello do revés?

O ceo sempre lle pareceu esa ameaza tan alta, inmerecida... Ou innecesaria, sen máis

*

Dicía: antes de probar as delicias do amor, pon xeo no vaso

*

O bo escritor como o único traballador que avalía cada día as súas perdas coa maior meticulosidade

*

O Total sempre é o mesmo: a morte

*

A balanza e o espello: os semellantes

*

Poucas veces se alude, co pensamento, á situación intermedia.
Orixe e fin recibiron sempre o mellor trato outorgado pola reflexión

A igrexa, esa construción deliberadamente ríxida,
traxicamente paciente, en exceso altiva para a recepción do
medo dos homes que andan fóra!

*

O humano como a sombra do divino?; quizais ao revés?

*

Todos desprezan a podredume do tempo; sen embargo, tal
como o esterco, nutre

*

O Máis alá?: iso é o espello, o que recolle o desacougo

*

O amor, unha mentira tan culta!

*

Sempre desexou expropiar algo dos outros

*

Tal muller (tal home) non existen nin, probablemente, existan
xamais!

A ansiedade é encheo de indixencia

*

O mar: o non límite. (Soidade nocturna)

*

Din que aquela muller conseguía atalo con fío transparente

*

Sen nomes todo sería posible, matinou

*

Agora neva: a todos nos gustaría ser inocentes

De Continuidade do ceo

A chuvia inicia, coa súa cerimonia, a relixión do inverno

*

Quizais a soedade non sexa máis que ese lugar sagrado onde
sucedería todo o que só é parte do non manifestable: un lugar
que semella un palacio vasto e baleiro

*

Música.

O tempo, sábese, tamén chegou a namorarse dela. Esa foi a gran
revolución dentro da soidade

*

Claro de lúa, escuras delimitacións –cavilou, ó xeito dos soños

*

Gústanme as mans do amencer –pensou o esteta

*

A virtualidade como sementeira de dogmas que se desenvolven
no inconsciente colectivo

Joseph Roth quixo redimir a súa timidez sentimental, e por iso a súa obra achegounos a un dos debuxos máis serios sobre o amor

*

Claudio Magris é un dos ‘cardiólogos’ máis delicados da literatura. Toda a súa habilidade está destinada, basicamente, a curar o corazón do viaxeiro

*

O lume: o escrutador

*

Quizais a relevancia da noite se deba a que nunca fala dende o fragmentario, dende o parcial. O seu argumento é sempre a totalidade

*

Chatwin sacudiu as bases do viaxeiro sobre como pensar a viaxe e como adherila a un sentimento: ‘The lines of the song’. O delicado da canción interior

*

Correspóndelle a Musil, ata agora, formular a derradeira pregunta, a literaria e a que se refire a aquela parte da soedade do home que ignoramos. ‘O home sen atributos’

Promiscuidade si, pero filosófica –respondeu ironicamente

*

Coa mañá, o que nos distingue aos membros da natureza é a forma de esperar

*

A suposición é unha elección vital, un compromiso imaxinario que adoita arrebatar nos para a súa causa unha boa porcentaxe da nosa fe. Para si quixese o realismo a confianza que depositamos no exercicio da suposición

*

Hai unha persuasión que se exerce dun xeito máis ou menos velado, indirecto, secreto. Especialmente nos que queres

*

Ás veces, cando parece que o tempo fose máis lento ou canso, mirar necesariamente convértese en pensar

*

A viaxe, a pesar da súa continua novidade, non viola nada. Todo o novo ten o seu lugar, o seu fogar. Viaxar é como vivir

Pronto, coa noite, chegará a razón

*

Nova e vella ladaíña da choiva. Velaí unha parte da relixión
nesta paisaxe antiga de pedra

*

Os días serán sempre o teu segredo. E a miña curiosidade velará
por eles con celo, e sorrirá ás veces, coñecendo a súa mitomanía

*

Un día normal comezamos a entender a dúbida. Grazas ao
Outro, ao que quizais non existe

*

Non hai máis verdade que a que nos atribuímos, por adopción
ou por convicción; tal é o axioma da nosa soedade

*

A néboa proporciona o marco axeitado para esa incerteza que,
irónicamente, serve de confirmación

*

É moi sinxelo; nada queda impune

«Nin sequera tiña tentacións nos momentos de dúbida sobre a existencia dun goberno sobrenatural» (Ford Madox Ford). O máis aló só alcanza un certo relevo e sedución se ten relación coa saudade metafísica

*

«Velaquí un súbdito do reino da tribulación», dixo solemnemente o esmoleiro mirando ao ceo, sorrindo

*

«Só a música é desgarradora» escribiu Pascal Quignard. Só ela pode elevarnos á divindade do silencio

*

A honra corresponde, se seica, á formiga e ao león, que, cando moribundos, gardan a súa soidade con fidalguía, pero non ao home que malgasta as súas forzas en ver un certo triunfo na súa amarga derrota

*

A fe, ás veces, móvese como unha paixón. Por iso é sospeitosa

*

A sedución, en ocasións, fomenta o que a intelixencia raramente tería xustificado

A fe na fe fixo milagres. Nalgúns casos, monstruosos

*

Pensar equivale á constitución dun reino sen terras, sen coroa,
sen vasalos; porén o seu poder e liberdade son infinitos

*

O drama do home transcorre no centro dun escenario espido,
ao aire libre, no que só hai unha cadeira...

*

Permítíanos escoitar máis que falar; escoitando coñecemos,
tantas veces, o baleiro que produce falar!

*

O vicio educa o que a virtude ignora

*

O home consciente quería fundar o Club do esquecemento
A ironía vén dunha noite solitaria na que se cría entender. O
humor naceu ao poñerse o sol, nun momento no que había
poucas testemuñas. A burla naceu nunha festa masiva e grotesca

É curioso a cantidade de camiños (a maioría ignorados, polo tanto sorprendentes) que pode empregar a tristeza para chegar ata nós

*

Á memoria, como aos nenos, ha de atenderlla nos momentos máis inesperados. Iso, ou expoñerse a un mal maior

*

Ai!, o espello da chuvia

*

A noite carece de emulacións, de parodia. A noite é tan substancialmente unívoca que a imaxinación, ante ela, ha de recatarse. Non xa nas súas ricas posibilidades, que lle honran, senón no suposto final

*

Canta máis perfección, máis soidade?

*

O Ceo: iso si é realidade virtual

A precocidade posúe a virtude de facernos chegar moito antes
ao erro

*

E pensar que o espello tamén está na sombra!

*

Témese porque se naceu. Polo tanto, calquera mal posible
(incluso o hipotético) é sempre vinculante para nós. (E de aí ao
oprobio a viaxe é tan curta)

*

A felicidade nunca pensou no que un pensa?

*

A chuvia exhibe silenciosamente a condición de mamífero do home

*

En cada estreito estréitase o sentir?, preguntou, irónico

*

Cando un home berra, emula o principio ou o final?

O cristal da fiestra é o comezo da lembranza. Nela, só, está a vida da memoria e a vida dos sentidos, incitada dende fóra, dende o outro lado onde todo seduce e asusta. Nel, aínda que apoiemos o noso nariz, estamos apoiando a vida

*

A paisaxe equivale ao lugar onde comezou a nosa primeira sorpresa, onde quen mira creou os seus referentes, onde un xeito de sentir se asentou para sempre no noso corazón

*

O canto como expresión do sentimento é un dos útiles máis usados e antigos na vida do home

*

O fervor equivale a esa forma de agonía da intelixencia que se manifesta sobre todo ante a dúbida ou a inseguridade acerca de un mesmo

*

A vangarda adoita gardar unha rara similitude con esa avoa emprendedora que é noticia por razón da súa personalidade, pero non por iso deixa de ser a avoa, isto é, a máis vella

O valente non necesita máis que a súa cega convicción para
selo. É o ególatra por antonomasia

*

O barco só rumorea no seu afastamento o que nós pensamos

*

A beleza, curiosamente, carece de expresión. (Somos nós, cada
un, quen lla outorga)

*

Convocou a unha reunión á súa propia memoria... e non
acudiu ninguén

*

«Quizais o vento saiba» di, en parte, a letra dunha bela canción
esquimal. En realidade, el canta por todos nós

*

Os soños resultan, ao final, ser os máis educados dos nosos
inimigos

*

O poder aseméllase tanto ao medo

Saint Jonh-Perse soubo ensinarnos que a palabra é tamén un
frondoso vexetal mariño, vital para a identidade

*

Cando visitaba unha igrexa non pronunciaba xamais palabra
algunha. Podíalle o oráculo dos séculos

*

Esperanza non é aquilo que xa demos por perdido?

*

Darwin foi o honorable enviado do noso inconsciente cuxo
mensaxe estaba destinado a ratificar as nosas conviccións máis
profundas

*

Sempre te sorprenderá a indiscreción do tedio

*

O humor, o interlocutor da melancolía

*

«A fe, dixo? Perdoe, pero eu descoñezoo todo acerca dos
deportes do espírito»

Volve a choiva e agora pasará tempo e tempo falando coa noite:
quen sabe cales son os seus segredos!

*

Cada día, ademais de avatares, acumulamos ao haber da
memoria un silencio novo

*

As palabras revelan a existencia do espazo, dá cor, dá dúbida. As
palabras complementan a soidade

*

Todo canto foi posúe agora a beleza e a quietude de non ser xa

*

A fe conmove, ao modo dunha paixón. Por iso hase de ser
suspicaç

*

«A soidade?, iso é un asunto entre eu e o Outro»

*

Así nolo expresou: ‘o vicio é o rito iniciático da virtude’

A preguiza conforma, ao final, esa filosofía que dignifica ao que ha de esperar, tal como é o destino do home prudente

*

O poeta ensina, asombra, di e, á vez, parece deixar un espazo de silencio. É así que o poeta é ‘o precursor’

*

A paisaxe é plácidamente extenso e as medidas do espazo case infinitas, con todo o home sente inevitablemente sobre si o limite, o peso, o empuxe de algo

*

A xustiza, é ben sabido, tivo sempre un labor esencial: a defensa da súa reputación

*

Quizais haxa unha traxedia implícita no espello: que non fale, que non responda, que se ampare nese infinito silencio cativador

*

O inimigo, o complementario, o desexado máis aló de calquera razón especulativa

A relixión é o silencio. O silencio é a relixión

*

Unha das debilidades do poder é que todo o esaxera

*

Os camiños tamén o son de regreso

*

Toda a beleza cabe no silencio

*

O humor, o instrumento (segredo) da melancolía

*

«E a certeza non acabou de pousarse aínda aquela tarde en que o sol se dispoñía a bicar a man do mar» –dos libros

*

O igual é unha abdicación da harmonía
A perfección sempre deberá ser un atributo alleo. Canto máis
alleo, mellor

Estar só é ese atributo delicado que nos esixe levar, nun
momento dado, a Natureza

*

Que filosófica chuvia; canto minimiza!

*

A viaxe como o inicio do mar

*

A ironía ensimesmada propicioulle a maior parte da súa
filosofía. Era o lúdico pago da factura por sobrevivir

*

A cada un espéranos un deus

*

É ben sabido: a alma non se vende, só se aluga

*

«Un camiño que conduce á natureza mesma da literatura é a
observación de que a alusión produce un efecto maior que a
execución» (Musil). Que raro silencio!

«Un home e unha muller e un merlo son un» (W. Stevens).
Engadir algo sería quizáis descrer; a non Poesía

*

Reminiscencia: o ensino oblicuo da vida

*

O 'estranxeiro' é a melancolía

*

Á noite asístelle unha certa estética da maldade. De aí a sua
sedución

*

A aventura, a aristocracia do medo

*

Por causa da súa reseca desolación, pechou os ollos e soñou que
soñaba

*

As súas últimas palabras... reservoullas para si

O deporte, dicía, é a cesión da virtude principal: a discreción

*

Na orixe confluímos

*

O rumor é a garantía de que Ben e Mal continúan coexistindo

*

Desde a soidade escóitase todo, coñécese todo, espérase todo.
Desde a soidade deséxase todo

*

A fe do que dorme

*

Por fortuna a virtude non é perenne; así sería imposible vivir
con intelixencia

*

O por que de todo, para min, comezaría polo por que de mín
mesmo

«O que ama só soña», díxonos

✱

En caso de necesidade, o mimo (da máquina) falará por todos nós

✱

O xuíz proporciona a coartada que o poder esixía: todo en orde,
pois

✱

O éxito xustifica ben ás claras o fracaso de quen cre en si mesmo

✱

O soño é o modo que a indecisión elixiu para a ironía

✱

Lóxica, polo común, parécenos aquilo que debemos facer; non
o que fixemos

✱

O Outro é o non desexado?

A percepción do silencio de sí!

*

Pureza podería ser aquilo que, sendo posible para a imaxinación,
non o é para o xesto

*

A novela non é un conto, é unha reflexión (O conto é unha
reflexión)

*

Cría que a dúbida era o paradigma da arte

*

«E o pensar é contaxioso?», preguntou

*

O protagonismo dos tristes!

*

A percepción como a outra parte do misterio

Sentíase incapaz de aprender a lingua que lle permitise falar co
seu espello

*

Chegou a entender o mito como a exhibición da dúbida

*

A eternidade como a orixe da traxedia!
Contar: desvivir

*

Cada escritor coida un obxecto; Pessoa o máis sedutor, o espello

*

Finxía para non recoñecerse

*

Dicía pretender o poder estético

*

A fe é capaz de propiciar tanto agnosticismo!

O escritor, en verdade, sempre desexou a esa bela dama: a poesía

*

Principios da fotografía humana: Hamlet constitúe un dos negativos máis expresivos do corazón do home

*

Amaba todo o imperfecto dun modo Humanista

*

É o tren quen filosofa, non o viaxeiro. (Un sempre é o seducido)

*

A convicción como un exercicio de espello espiritual

*

Aos erros dos deuses chaman vaticinios

*

E a morte era algo máis que iso...!

Todo autor está pedindo consello ao lector!

*

...pero o libro tardou anos en recibir a visita dunha intelixencia
nobre

*

A precisión do que erra!

*

Cada día, é un feito, alimentamos ao noso verdugo

*

Era tanta a súa receptividade que lle azoraba un día espido

*

Semellaba a memoria co xeo: ambos transparentes e fríos

*

Un home só: o exército das sombras

A garantía do Ceo como unha debilidade asumida

*

A verdade é tan debedora da imaxinación!

*

A Iniciación como o acceso aos antagonismos

*

Hai algo que non debe encerrar a Poesía: a convicción

*

O que máis nos conmove da flor é a súa elegante espera

*

Perdeu a súa sombra e acrecentouse a súa nenez

*

O sublime garante, polo menos, a metade da dor

*

A Historia é omnívora

O inverno basea no silencio a súa autoridade

*

Que pensamento verdadeiro renunciaría á tristeza?

*

Empregar a lóxica como os humanos; cal?

*

O disfrace non só éo do corpo

*

Toma a pluma e escribe; ese es ti

*

O texto vixiado pola memoria

*

A praia é o destino do mar?

*

«Poñede flores: necesito conversación», escribiu o poeta

«Noto que hoxe a pluma sofre de melancolía»

✱

Tolemia e Arte: nomes de amantes

✱

A música como unha lóxica universal?

✱

‘O reloxo repousa sobre a cheminea’; repousa?

✱

Como é que esa música coñece tan ben o que me pasa?, pensou

✱

Tanta luz cada día e tantas dúbidas aínda!



Gústame a artesanía elaborada
con palabras, e nese xogo confío
que o lector obteña emoción,
dúbida, silencio...

Este libro, *Polo miúdo*, de Ricardo Martínez-Conde,
rematouse de imprimir un 25 de Maio de 2025.

Un día, Rafael Dieste xogou á diglosia con José Bergamín.

Rafael, galego de seu, escribiu en castelán:
«Las cuatro estaciones dan el volumen, la plena forma cupular
del tiempo, llena de previsión, de gracia y de sosiego».

José, castelán de seu, escribiu en galego:
«O aforismo non é breve, é inconmensurable».

Todo camiño foi feito para o que anda só

Ser ou non ser; imposible ou posible?

Convocou a unha reunión á súa propia memoria...
e non acudiu ningún

“Poñede flores: necesito conversación”,
escribiu o poeta



Zadar eds.